



UNIVERSIDADE DA CORUÑA

GUÍA DOCENTE

Programación xeral da materia

Curso académico

2008/2009

Materia		
DEREITO PROCESUAL II		
Curso	Ciclo	Profesor responsable do programa
5º	2º	D. Xulio Ferreiro Baamonde
Titulación		
LICENCIADO EN DEREITO		
Centro		
FACULTADE DE DEREITO		

Curso académico	2008/2009
------------------------	-----------

DATOS DESCRIPTIVOS		
Código titulación	Titulación	
	LICENCIADO EN DEREITO	
Plan de estudios		
	Data publicación BOE	Curso de implantación
621 211	29/08/1953	1987/1988

Materia		
Código materia	Nome	
	DEREITO PROCESUAL II	
Curso	Ciclo	Idiomas en que se imparte
5º	2º	Castelán /Galego
Carácter	Duración	Convocatoria
TRONCAL	ANUAL	ANUAL

Departamento	
Código	Nome
131	DEREITO PÚBLICO

Área	
Código	Nome
175	DEREITO PROCESUAL

Centro / Facultade / Escola			
Código	Nome		
	FACULTADE CIENCIAS ECONÓMICAS E EMPRESARIAIS		
Campus	Rúa	Nº	Código postal
ELVIÑA	CAMPUS ELVIÑA	S/N	15071
Teléfono	Fax	Correo electrónico	
981 167000 Ext. 2409	981 16 71 75		

Profesor/a 1			
Nome	Despacho	Extensión	Correo electrónico
Xulio Ferreiro Baamonde	Área Dereito Procesual	1563	rodia@udc.es
Titorías			
Días semana		Hora	
Luns-mércores	18-19		

PROGRAMA XERAL DA MATERIA

Obxectivos

A función prioritaria do ensino de Dereito Procesual Civil dirixirase á formación xurídico-universitaria do e da estudante, o que implica a transmisión duns sólidos coñecementos do esencial de cada institución procesual que lle sirvan de alicerce para o alumno, con base nunha mentalidade crítica, poder desenvolver con eficacia e solvencia a súa futura actividade profesional. Habida conta da imposibilidade de levar a cabo, ao longo do curso académico unha explicación exhaustiva de todos os conceptos legais, doutriniais e xurisprudenciais do Dereito Procesual Civil, por razón das limitacións temporais, levarase a cabo esencialmente unha transmisión ao e á estudante dos coñecementos procesuais civís xerais e claros e dun método de razoamento rigorosamente xurídico, transmitíndolle unhas bases que, posteriormente lle permitan con fiabilidade aprofundar na súa aprendizaxe. Preténdese, xa que logo, acadar unha formación integral e básica dos alumnos e alumnas no Dereito Procesual Civil como auténticos e auténticas xuristas e non como meros prácticos, sen que isto implique un detrimento do ensino práctico do Dereito Procesual Civil

Contidos (temario teórico e práctico)

Título		
Temario teoría		

DEREITO PROCESUAL CIVIL		
<p>Lección 1ª. O proceso civil e o Dereito Procesual civil. Os presupostos procesuais: concepto e relevancia xurídica. A xurisdicción como presuposto do proceso; extensión e límites. A inmunidade xurisdiccional. A “competencia internacional”: concepto, normas internas e tratados internacionais sobre “competencia internacional”; o seu tratamento procesual. Convenios internacionais sobre recoñecemento e execución de resolucións xudiciais.</p>		
<p>Lección 2ª. Competencia dos Tribunais civís. Castes de competencia. Competencia obxectiva: Criterios para a determinar. Competencia funcional. Tratamento procesual destas castes de competencia. Competencia territorial; submisión e foros legais. Declinatoria.</p>		
<p>Lección 3ª. O obxecto do proceso civil. Relevancia técnico-xurídica do obxecto do proceso. Elementos delimitadores do obxecto; o “petitum”; a causa de pedir.</p>		
<p>Lección 4ª. Acugulamento de accións; presupostos; acugulamento inicial de pretensións e acugulamento pendente o proceso; acugulamento eventual. Acugulamento de autos.</p>		
<p>Lección 5ª. As partes do proceso civil. Capacidade para ser parte. Capacidade procesual. Representación; as súas castes. Tratamento procesual. A lexitimación no proceso civil. Concepto e castes de lexitimación. A lexitimación por substitución.</p>		
<p>Lección 6ª. Pluralidade de partes. O litisconsorcio; castes de litisconsorcio. A intervención procesual. Litisdenunciamiento. A</p>		

<p>sucesión procesual. O troco de partes.</p> <p>Lección 7ª. Actos previos ao proceso: Dilixencias preliminares, reclamación administrativa previa, conciliación preprocesual.</p> <p>Lección 8ª. As medidas cautelares (I). Concepto. Presupostos (aparencia de bo dereito, perigo pola mora procesual, proporcionalidade, prestación de caución). Características.</p> <p>Lección 9ª. As medidas cautelares (II). Castes de medidas cautelares. Medidas cautelares específicas. Procedemento para a adopción da tutela cautelar. Modificación e levantamento das medidas cautelares.</p> <p>Lección 10ª. Tipos de procesos declarativos: ordinarios e especiais. Cuestións incidentais. Concepto. Castes. Procedemento. Determinación do proceso que corresponde. Especial consideración das cuestións prexudiciais e das súas castes.</p> <p>Lección 11ª. A demanda. Concepto. Requisitos. Efectos. Tipos de demanda (sucinta, en impreso normalizado, demandas especiais). Admisión da demanda e citación para a vista.</p> <p>Lección 12ª. A contestación á demanda e outras actitudes do demandado. Excepcións e as súas castes. Reconvención. Rebeldía.</p> <p>Lección 13ª. A audiencia previa ao xuízo. Momento. Suxeitos e finalidades. O xuízo e o seu desenvolvemento.</p> <p>Lección 14ª. A proba (I). Concepto de proba. As afirmacións fácticas como obxecto da proba; afirmacións fácticas exentas de proba: Admitidas e notorias. A proba do Dereito. Carga da proba. Proposición e admisión da proba: Licidade da proba; pertinencia e</p>		
---	--	--

<p>utilidade. Antecipación e aseguramento da proba. Valoración da proba.</p> <p>Lección 15ª. A proba (II). Os medios de proba (1). Documentos: aportación ao proceso. Castes. Valor probatorio.</p> <p>Lección 16ª. A proba (III). Os medios de proba (2). O interrogatorio das partes. Recoñecemento xudicial. As presuncións: Concepto, natureza e castes de presuncións.</p> <p>Lección 17ª. A proba (IV). Os medios de proba (3). Testemuñas. Peritos. Medios de reprodución do son ou da imaxe e instrumentos de arquivo. Dilixencias finais.</p> <p>Lección 18ª. A sentenza. Concepto e castes. Formación interna. Motivación da sentenza. Requisitos internos da sentenza: claridade precisión e exhaustividade ou congruencia. Estructura externa da sentenza.</p> <p>Lección 19ª. A cousa xulgada e as resolucións que a producen. Cousa xulgada formal e cousa xulgada material. Natureza e efectos da cousa xulgada material (función positiva e función negativa da cousa xulgada). Límites subxectivos, obxectivos e temporais da cousa xulgada. Tratamento procesual da cousa xulgada.</p> <p>Lección 20ª. Crises procesuais. A) O paralisamento do proceso: suspensión e interrupción. B) Remate anormal do proceso: Refuga. Desistimento. Asentimento. Admisión de feitos. Transacción. Caducidade da instancia. Sobresemento.</p> <p>Lección 21ª. Ámbito do xuízo ordinario: Dereitos honoríficos. Dereito á honra, á intimidade e á propia imaxe. Impugnación de acordos societarios. Competencia desleal. Propiedade industrial.</p>		
--	--	--

<p>Propiedade intelectual. Publicidade. Condicións xerais da contratación. Arrendamentos urbanos. Arrendamentos rústicos. Retracto. Propiedade horizontal. Tránsito.</p> <p>Lección 22ª. Ámbito do xuízo verbal. A) De xeito plenario. Precario. Alimentos. Rectificación de feitos. B) De xeito sumario. Desafiuzamento por falla de pagamento ou por expiración do prazo. Tutela posesoria e análoga. Dereitos reais inscritos. Vendas a prazos de bens mobéis. Arredamentos finacieiros.</p> <p>Lección 23ª. Protección xurisdiccional dos dereitos fundamentais da persoa: Garantía procesual civil. Protección xurisdiccional civil dos dereitos á honra, á intimidade e á propia imaxe. Procedemento civil para exercicio do dereito de rectificación diante de noticias inexactas e prexudiciais.</p> <p>Lección 24ª. Os procesos especiais sobre a capacidade das persoas. Caracteres xerais. Competencia. Lexitimación. Comparecemento do demandado. Especialidades procedimentais. A sentenza. O reintegroamento da capacidade e modificación do alcance da sentenza. Medidas cautelares; o internamento non voluntario. Os procesos sobre filiación, paternidade e maternidade.</p> <p>Lección 25ª. Os procesos matrimoniais e as súas castes. Competencia. Procedemento: A) De nulidade, separación e divorcio. B) De separación ou divorcio de mutuo acordo. Eficacia civil das resolucións dos Tribunais eclesiásticos. Medidas provisionais. Medidas definitivas. Execución forzosa dos pronunciamentos sobre medidas. Oposición ás resolucións administrativas en materia de protección de menores e procedemento para determinar a necesidade do asentimento do</p>		
--	--	--

menor na adopción.

Lección 26ª. Procedementos para a división xudicial de patrimonios: A) Da división da herdanza: a) Procedemento para a división da herdanza. b) A intervención dos bens hereditarios. c) A administración dos bens hereditarios. B) Procedemento para a liquidación do rexime económico matrimonial.

Lección 27ª. O Proceso Monitorio. Concepto e características. Natureza. Antecedentes. Casos nos que procede. Competencia. Procedemento: Petición inicial e documentos. Admisión. Requerimento de pagamento e posíbeis conductas do demandado. A transformación do procedemento. A cousa xulgada.

Lección 28ª. O xuízo cambiario. Concepto e características. Natureza. Casos nos que procede. Competencia. Procedemento: A) Iniciación, demanda, requerimento do pagamento e embargo preventivo. B) O pagamento e levantamento do embargo. C) A oposición cambiaria; substanciamento. A sentenza sobre a oposición e a súa eficacia.

Lección 29ª. Os recursos. Concepto. O dereito a recorrer en casos especiais. Presupostos de admisibilidade dos recursos. Castes de recursos. Efectos dos recursos e do seu desistimento. Recursos non devolutivos: Reposición. Características. Resolucións e dilixencias contra as que procede. Procedemento. Recurso de queixa.

Lección 30ª. O recurso de apelación. Apelación e segunda instancia: O dereito á segunda instancia. Resolucións contra das que procede apelación. Ámbito do recurso. Substanciación do recurso; a proba na apelación. Adhesión á apelación.

<p>Lección 31ª. Os recursos extraordinarios. O recurso por infracción procesual. Características. Resolucions recurribes. Motivos do recurso. Presupostos. Competencia. Procedemento: Preparación. Interposición. Admisión. Vista e proba. Decisión. Consecuencias da estimación do recurso.</p> <p>Lección 32ª. O Recurso de Casación. Características. Resolucions recurribes. Motivos do recurso. Obxecto e efectos do recurso. Competencia. Procedemento. Preparación e interposición do recurso. Admisión do recurso. Substanciación e resolución.</p> <p>Lección 33ª. O recurso en interese da lei. Características xerais. Resolucions recurribes. Motivos do recurso. Lexitimación. Competencia. Procedemento.</p> <p>Lección 34ª. A rebeldía e a rescisión das sentencias firmes. A audiencia ao demandado rebelde. A revisión das sentencias firmes.</p> <p>Lección 35ª. A nulidade de actuacións. Regulación na LOPX. Motivos de nulidade. Presupostos. Procedemento. Regulación na LAC. Motivo. Presupostos. Procedemento. Decisión.</p> <p>Lección 36ª. A execución forzosa. Concepto e natureza. Suxeitos do proceso de execución. O título executivo e as súas castes: Xudiciais e non xudiciais; españois e estranxeiros. Oposición á execución. Suspensión da execución. Execución de resolucions estranxeiras.</p> <p>Lección 37ª. Execución provisoria. Concepto e natureza. Presupostos. Despacho da execución. Oposición á execución provisoria. Revogación ou confirmación da sentencia provisoriamente executada.</p>		
---	--	--

<p>Lección 38ª. Execución en diñeiro. Supostos nos que procede. Integración do título. Requerimento do pagamento. Embargo de bens (I). Concepto. Natureza. Requisitos. Obxecto (bens non embargábeis).</p> <p>Lección 39ª. Embargo de bens (II). Localización dos bens a embargar. Mellora e mingua do embargo. Órgano do embargo. Práctica do embargo. Reembargo. Terzaría de dominio.</p> <p>Lección 40ª. O procedemento de constrinximento. Disposicións xerais para a realización dos bens embargados. Valoración dos bens embargados o convenio de realización. A realización por persoa ou entidade especializada. A subhasta dos bens retidos. Alternativas á subhasta xudicial. A administración para pagamento. Terceiría de mellor dereito.</p> <p>Lección 41ª. Execución diferente de diñeiro. Disposicións xerais. Execución por deberes de entregar cousas. Execución por obrigas de facer e non facer. Condena a emitir unha declaración de vontade. Liquidación de danos e prexuízos, froitos, e rendas e a rendimento de contas.</p> <p>Lección 42ª. As execucións hipotecarias. As opcións procesuais do acredor hipotecario. O proceso de execución común. O proceso especial de execución hipotecaria; presupostos procesuais. Desenvolvemento da execución. Suspensión e oposición á execución. Remisión ao xuízo ordinario. O proceso especial de execución da peñor sen desprazamento posesorio.</p> <p>Lección 43ª. O proceso concursal: Antecedentes. Liñas e principios xerais da Lei concursal. Natureza do concurso. O órgano xudicial: competencia xudicial internacional; competencia obxectiva;</p>		
---	--	--

<p>competencia territorial; tratamento procesual da competencia.</p> <p>Lección 44ª. A tramitación procedimental do concurso; A) A declaración do concurso: presupostos e efectos. B) A administración concursal: nomeamento dos administradores; determinación das súas facultades; a rendición de contas e a responsabilidade. C) Determinación da masa activa: accións de reintegración e redución da masa. D) Determinación da masa pasiva: comunicación, recoñecemento gradación e clasificación dos créditos. E) O convenio ou a liquidación. F) Cualificación, conclusión e reapertura do concurso.</p> <p>Lección 45ª. As normas procesuais do concurso: o incidente concursal; o procedemento abreviado; representación e defensa procesuais; cuestións prexudiciais. Os recursos: reposición; apelación; casación e extraordinario por infracción procesual. Aspectos internacionais do concurso.</p> <p>Lección 46ª. A arbitraje. Concepto e castes de arbitraje. Ámbito da arbitraje. O convenio arbitral. Os árbitros. A formalización xudicial da arbitraje. O laudo; anulación; execución. A arbitraje internacional.</p> <p>Lección 47ª. Procedementos de xurisdicción voluntaria (I). Fontes. Regras xerais. Clasificación. Oposición. Procedementos relativos ao dereito das persoas.</p> <p>Lección 48ª. Procedementos de xurisdicción voluntaria (II). Procedementos relativos ao dereito de cousas; especial referencia ao expediente de dominio e deslinde e marcaxe. Procedementos relativos ao Dereito de Familia; especial mención á tutela, acollemento, adopción e materia de sucesións. Referencia aos</p>		
---	--	--

procedementos en materia de Negocios de Comercio.

Lección 49ª. Costas e gastos procesuais. A condena en costas. A taxación de costas. A impugnación das costas. A asistencia xurídica gratuita.

DEREITO PROCESUAL LABORAL

Lección 50ª. Dereito Procesual Laboral. Conceptos. Os principios procesuais. Os principios do proceso laboral. Os principios do procedemento laboral. Os deberes procesuais. Os actos procesuais. Suxeitos. Órganos xudiciais. Competencia. As partes. Capacidade e lexitimación. Pluralidade de partes. Defensa e representación procesual. O obxecto do proceso laboral. A pluralidade de obxectos procesuais. O acugulamento.

Lección 51ª. O procedemento laboral. Actos previos. Actos preparatorios. O procedemento declarativo ordinario. A demanda. A admisión da demanda. O trámite de subsanación. A conciliación xudicial. Ratificación ou ampliación da demanda. A contestación da demanda. A reconvencción. Outras alegacións. Cuestións prexudiciais. Cuestións incidentais. Cuestións previas. A proba. As conclusións. As dilixencias para mellor prover. O remate da instancia. A sentenza. Outros xeitos de remate da instancia.

Lección 52ª. Procedementos declarativos especiais (modalidades procesuais): a) En materia de despedimentos e sancións; b) Reclamación ao Estado de sornáis de tramitación en xuízo por

despedimento; c) Extinción do contrato de traballo por causas obxectivas e por causas económicas, tecnolóxicas, de forza maior ou extinción da personalidade xurídica do empresario; d) Vacacións; e) Materia electoral; f) Clasificación profesional; g) Seguridade Social; h) Procedemento de oficio; i) Conflictos colectivos; k) Convenios colectivos; l) Impugnación dos Estatutos dos Sindicatos ou da súa modificación e m) Tutela dos dereitos de liberdade sindical.

Lección 53^a. Medios de impugnación. Concepto e castes. Os remedios procesuais (ou recursos non devolutivos). Reposición. Súplica. Disposicións comúns. Os recursos. A regra de instancia única. O recurso de suplicación. Resolucións recurríbeis. Motivos do recurso. Procedemento. Decisión do recurso.

Lección 54^a. Os medios de impugnación (continuación). O recurso de casación. Resolucións recurríbeis. Motivos de recurso. Procedemento. Decisión do recurso. O recurso de casación para a unificación da doutrina. Resolucións recurríbeis. Presuposto de admisibilidade: a contratación. Motivo do recurso. Procedemento. Decisión do recurso. Disposicións comúns aos recursos de suplicación e casación. O recurso de queixa. Efectos do proceso. Efectos xurídicos. A cousa xulgada. Efectos económicos. Os gastos e costas procesuais. Procesos de revisión das sentencias firmes. O proceso de revisión. Audiencia ao demandado rebelde.

Lección 55^a. O proceso de execución. Nocións xerais sobre a execución. Concepto e natureza. Caracteres esenciais. Obxecto do proceso. Títulos executivos. Elementos persoais da execución. A actividade executiva. A oposición do executado. Execucións ordinarias non de diñeiro.

Lección 56ª. O proceso de execución. (continuación). Execución ordinaria por obrigas de diñeiro. O embargo. O reembolso. A realización dos bens embargados. O alleamento forzoso. A adxudicación forzosa. A administración forzosa. Pagamento aos acreedores. A insolvencia empresarial.

Lección 57ª. O proceso de execución (Continuación) Execucións especiais. De sentencias de despedimento. De execucións de despedimento. Levantamento de vivenda e terreo de cultivo. Fronte a entes públicos. Prestacións periódicas da Seguridade Social. A execución provisoria. Xustificación e natureza desta execución. Sentencias condenatorias ao pagamento de cantidades. Sentencias condenatorias en materia de Seguridade Social. Sentencias de despedimento. Sentencias dictadas “noutros procesos”. As medidas cautelares. O embargo preventivo. As medidas cautelares indeterminadas do art. 1428 da LAC.

DEREITO PROCESUAL ADMINISTRATIVO

Lección 58ª. Dereito Procesual Administrativo. Concepto.- Os principios procesuais.- Os principios do proceso administrativo.- Os principios do procedemento administrativo.- Os actos procesuais.- Suxeitos. Órganos xudiciais.- Competencia.- As partes. Capacidade e lexitimación.- Pluralidade de partes.- Defensa e representación procesual.- O obxecto do proceso administrativo.- A pluralidade de obxectos procesuais.. O acugulamento.

Lección 59ª. Procedemento. O recurso ordinario.- O recurso de revisión.- A reclamación económica-administrativa.- A declaración de lesividade.- O proceso administrativo.- Fase de preparación.-

<p>Fase de interposición.- A demanda.- A proba.- Vistas e conclusións.- A sentenza.- Outros medios de remate do proceso.</p> <p>Lección 60ª. Procesos especiais: a) Procedemento administrativo de amparo dos dereitos fundamentais: b) O proceso electoral: c) Suspensión de acordos de Corporacións locais por infracción manifesta das Leis. d) Proceso de lesividade, e) Revisión dos actos administrativos tributarios pola autoridade xudicial: especialidades.</p> <p>Lección 61ª. Medios de impugnación. Os remedios.- O recurso de súplica.- Os recursos.- Recurso de casación ordinario.- O recurso de casación para a unificación da doutrina legal.- O recurso de casación en interese da lei.- Efectos xurídicos e económicos do proceso.- O proceso de revisión.</p> <p>Lección 62ª. O proceso de execución. Concepto e notas xerais. fundamento.- A execución de sentencias administrativas: caracteres xerais.- Os suxeitos da execución.- A execución “provisoria”.- Iniciación.- Autoexecución administrativa.- O incidente de suspensión e de inexecución.- O incidente de “imposibilidade” de execución.- A execución de diñeiro.- As execucións de facer, non facer ou entregar algunha cousa.- A responsabilidade da Administración e as medidas de coerción.- As medidas cautelares.- Concepto e fundamento.- A suspensión cautelar do acto ou disposición obxecto do recurso contencioso-administrativo.-. Outras medidas cautelares.- Postulados de “lege ferenda”.</p>		

Temario prácticas (no seu caso)		
As prácticas desenvolveranse de xeito paralelo á explicación da teoría, como pode comprobarse no apartado metodolóxico		

Metodoloxía

O desenvolvemento da docencia realizarase en clases teóricas e prácticas. Nas primeiras procurarase a exposición dos postulados teóricos básicos do temario, utilizando o modelo de lección maxistral, xunto coa intervención dialogada do estudantado. Deste xeito tentarase a transmisión polo Profesor e a adquisición polo estudante dos puntos básicos das diferentes leccións, facendo fincapé nos aspectos máis conflictivos conflictivos, suscitando polémicas que inciten á participación do estudante, expoñendo de xeito sistemático e crítico as diferentes opinións doutrinarias, nacionais e estranxeiras, sen condicionar ao estudantes, ofrecéndolle instrumentos para a súa propia reflexión crítica.

Xunto coas leccións teóricas incluíranse clases prácticas de xeito paralelo e non necesariamente diferenciadas das primeiras. De feito, algún dos temas ou leccións poderán explicarse recorrendo á clase práctica. Esta requirirá do estudante a súa preparación por anticipado, a resolución na clase, e a exposición pola súa banda dalgún ou algúns aspectos da mesma, ao fio da cal, explicarase a materia concreta. As prácticas serán recollidas en clase polos profesores e serán avaliadas, do xeito que posteriormente se indicará.

Xunto coas clases prácticas habituais, realizaranse con periodicidade lectura de textos ou visualización de filmes seguidos dun debate entre os asistentes ás sesións correspondentes. A participación activa nos mesmos será, do mesmo xeito, avaliábel.

Por último, cara ao final do curso realizaranse exercicios de simulación de xuízos penais, repartindo as diferentes funcións procesuais entre o alumnado. A participación será, tamén, avaliábel.

A voluntariedade na asistencia activa ás clases teóricas, prácticas, e demais actividades, non impedirá, a súa apreciación positiva polo profesorado no momento da avaliación.

Recursos
Bibliografía básica:
<p>ALVAREZ ALARCÓN, A., PÉREZ-CRUZ MARTÍN, A.J., RODRÍGUEZ TIRADO, A., SEOANE SPIGELBERG, J.J. Derecho Procesal Civil. Tomo I. Ed. TÓRCULO EDICIONS, S.A., A Coruña, 2007</p> <p>PÉREZ-CRUZ MARTÍN, A.J.; SEOANE SPIGELBERG, J.L. Derecho Procesal Civil. Tomo II. Ed. TORCULO EDICIONS, S.A., A Coruña 2006.</p>
Bibliografía complementaria:
<p>Leyes Orgánicas (Ley Organica 6/1985, de 1 de julio, del Poder Judicial; Ley Orgánica 2/1987, de 18 de mayo, de Conflictos Jurisdiccionales). Leyes Procesales (Ley 1/2000, de 7 de enero, de Enjuiciamiento civil; Ley 22/2003, de 9 de julio, Concursal; Ley 29/1998, de 13 de julio, reguladora de la Jurisdicción Contencioso-Administrativo; R.D. Legislativo 2/1995, de 7 de abril, por el que se aprueba el texto refundido de la Ley de Procedimiento Laboral).</p>
Recursos web:
<p>www.iustel.com www.poderjudicial.es</p>

Avaliación
<p>Consideracións xerais:</p> <p>A avaliación do alumnado realizarase a través de diferentes instrumentos. O instrumento principal, pero non único, será a realización dunha proba obxectiva única e final.</p> <p>Xunto á mesma utilizarase para avaliar ao estudante o traballo do mesmo durante todo o curso académico, a través das prácticas que se recollan na clase, traballos que se propoñan por parte do profesorado, exercicios prácticos de especial significación, e participación activa nas diferentes actividades propostas.</p>
<p>Aspectos e criterios de avaliación</p> <p>O estudante superará a materia coa superación dun exame único tipo test ao final do curso, que será idéntico para os grupos de mañá e de tarde. Este exame constará de 50 preguntas con catro respostas posibles cada unha, das cales só 1 será correcta, sendo as restantes manifestamente falsas.</p> <p>Cada pregunta correctamente contestada sumará 1 punto, e cada pregunta incorrecta restará 0.3.</p> <p>Será necesario para aprobar a materia sumar un mínimo de 30 puntos, dos cales, necesariamente 20 deberán ser obtidos no exame, mentres que os restantes poderán ser sumados a través das prácticas entregadas, e restantes actividades puntuábeis realizadas ao longo do curso, de acordo co baremo que se irá indicando no momento da realización da actividade, e que oscilará entre 0,1 e 0,5 puntos, dependendo da dificultade e corrección na realización da actividade. Os e as estudantes terán cumprido coñecemento da puntuación obtida en cada actividade e da súa repercusión con respecto á nota final.</p> <p>Xunto co exame test realizarase tamén unha proba práctica – na cal será posíbel o uso de textos legais – que tamén servirá para obter os puntos necesarios (ata 5) para a cualificación de aprobado.</p> <p>As restantes cualificacións serán proporcionais á puntuación obtida de acordo coa seguinte táboa:</p> <p>30-36: Aprobado 36-42: Notábel 42-48: Sobresaliente 48-50 MdH</p> <p>A mediados de curso poderá celebrarse un exame parcial eliminatorio, de xeito que as persoas que aproben a materia sometida a exame neste momento non serán examinadas ao final do curso. Este exame consistirá nun test de 25 preguntas, para a superación do cal será precisa a obtención de 15 puntos. Para aqueles e aquelas que superen este exame parcial o test final constará tamén de 25 preguntas.</p>

HORARIOS DE CLASE

Referencias	Exemplo				
Grupo: Teoría, Práctica, Nº de grupo: A, B,... Intervalo de letras: (A – L) (M – Z) Aula: Aula Magna, 1, 2 ...	<table border="1"> <thead> <tr> <th>Hora</th> <th>Luns</th> </tr> </thead> <tbody> <tr> <td>9:00</td> <td>Teoría A (A – K) Aula 1</td> </tr> </tbody> </table>	Hora	Luns	9:00	Teoría A (A – K) Aula 1
Hora	Luns				
9:00	Teoría A (A – K) Aula 1				

GRUPO ÚNICO					
Nome					Lingua
XULIO FERREIRO BAAMONDE					GALEGO
Horarios PRIMER CUATRIMESTRE					
Hora	Luns	Martes	Mércores	Xoves	Venres
15:45			Teoría F. Económicas		
16:45		Teoría F. Económicas	Teoría F. Económicas		
Horarios SEGUNDO CUATRIMESTRE					
Hora	Luns	Martes	Mércores	Xoves	Venres
15:45			Teoría F. Económicas		
16:45		Teoría F. Económicas	Teoría F. Económicas		

HORARIOS DE EXAME: GRUPO ÚNICO

Convocatorias e horarios

Convocatoria	Día	Hora	Centro	Aula
Decembro	10	16:00	Facultade de Económicas	
Xuño	29	16:00	Facultade de Económicas	
Setembro	11	10:00	Facultade de Económicas	